

## **COMO OBTEN UN CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL?**

Tradicionalmente, a competencia profesional dunha persoa só puido ser acreditada oficialmente cando a adquisición da devandita competencia se produciu dentro dun sistema formal, principalmente do ámbito educativo, de maneira que os títulos outorgados por este sistema foron o instrumento de recoñecemento formal da competencia aceptado universalmente.

Non obstante, foise alcanzando de forma progresiva unha conciencia plena de que as aprendizaxes non só se adquiren en ámbitos formais, senón que se producen tamén nas actividades formativas non reguladas, mediante a experiencia adquirida pola práctica profesional ou a través das actividades da vida cotiá.

Por este motivo, durante as dúas últimas décadas e, de xeito especial, nos últimos anos, diversos países de todo o mundo desenvolveron disposicións legais e metodoloxías encamiñadas ao establecemento de sistemas que permitan a acreditación da competencia profesional adquirida a través da práctica profesional e doutras vías non formais e informais de adquisición, deseñando procesos específicos de avaliación e recoñecemento das aprendizaxes previas.

En España, a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no artigo 8, que os certificados de profesionalidade acreditan as cualificacións profesionais correspondentes, e que o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral se acreditarán e se avaliarán, parcial ou totalmente, coa finalidade de obter o título de formación profesional ou o certificado de profesionalidade correspondente.

No mesmo artigo 8 da citada Lei, no seu apartado 4, indícase que o Goberno, logo de consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, fixará os requisitos e procedementos para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, así como os seus efectos.

Con data 25 de agosto de 2009, publicouse o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

Este Real decreto determina o procedemento único, tanto para o ámbito educativo como para o laboral, para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, do que trata o artigo 8.2 da Lei orgánica 5/2002.

O referido procedemento consta das seguintes fases:

- I. Asesoramento.
- II. Avaliación da competencia profesional.
- III. Acreditación e rexistro da competencia profesional.

#### **I. Asesoramento.**

O asesoramento correrá a cargo dun experto profesional ou docente na materia. O asesoramento será obrigatorio e poderase realizar de forma presencial ou a través de medios telemáticos. Ademais, terá como obxectivo axudar o candidato a autoavaliar a súa competencia e completar o seu historial persoal e formativo para o que poderá presentar todas as evidencias que o xustifiquen.

Unha vez analizada a súa traxectoria profesional o asesor elaborará un informe e o candidato decidirá a conveniencia ou non de acceder á fase de avaliación.

No caso de non acceder á avaliación o asesor indicarlle ao candidato a formación complementaria que debería realizar e os centros onde podería recibila.

#### **II. Avaliación da competencia profesional.**

Esta fase terá por obxecto, partindo da análise do historial profesional e formativo do candidato, comprobar se demostra a competencia profesional para o que se poderán establecer distintos métodos de avaliación da competencia que xeralmente tratarán de simular situacións reais de traballo e que se realizarán nos centros de FP ou mesmo na propia empresa.

Da avaliación encargarase unha Comisión de avaliación formada polo menos por cinco expertos, profesionais e docentes, educativos e laborais.

#### **III. Acreditación e rexistro da competencia profesional.**

Aos candidatos que superen o proceso de avaliación expediráselles unha acreditación por cada unha das unidades de competencia nas que demostrasen a súa competencia profesional.

Ao concluír todo o procedemento de avaliación as administracións competentes remitiranlles a todos os candidatos un escrito no que se fará constar segundo proceda:

No caso de ter acreditado a súa competencia nunha área concreta, a orientación para completar a formación que conduce a un título de Formación Profesional ou a un certificado de profesionalidade.

No caso de non lograr acreditar a súa competencia, recibirán orientación sobre as posibilidades de formación que deberían cursar para poder acreditarla en posteriores convocatorias.

Os requisitos para participar neste procedemento serán os seguintes:

1. Posuír a nacionalidade española, ser residente comunitario ou ter autorización de residencia en vigor.
2. Ter 18 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición nas unidades de competencia correspondentes ás cualificacións de nivel I, e 20 anos para o nivel II e III.

Para as convocatorias que se realicen no ano 2010, para a avaliación de unidades de competencia correspondentes a cualificacións de nivel II, poderanse presentar as persoas que teñan 19 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición.

3. Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias que se queiran acreditar:

➤ Experiencia laboral:

- Para unidades de competencia de nivel II e III, 3 anos, cun mínimo de 2000 horas traballadas nos últimos 10 anos.
- Para unidades de competencia de nivel I, 2 anos de experiencia laboral e un mínimo de 1.200 horas traballadas en total.

➤ Formación:

- Nivel II e III, mínimo 300 horas nos últimos 10 anos.
- Nivel I, mínimo de 200 horas nos últimos 10 anos
- Por unidades de competencia: a duración establecida no módulo formativo asociado á unidade de competencia.

As persoas maiores de 25 anos que reúnan os requisitos de experiencia laboral ou formativa indicados, e que non poidan xustificalos mediante os documentos sinalados no Real decreto, poderán solicitar a súa inscrición provisional. Presentada a xustificación mediante algunha proba admitida en dereito, da súa experiencia laboral ou aprendizaxes non formais de formación; as administracións competentes emitirán

un informe sobre a procedencia ou non da participación do aspirante no procedemento. Se o informe é positivo, procederase á inscrición definitiva.

Os cidadáns que cumpran estes requisitos e decidan obter unha acreditación oficial da súa competencia profesional deberán inscribirse na convocatoria pública, prevista para o presente ano, que realizarán conxuntamente as administracións educativa e laboral e que se publicará no *DOG* e no *BOE*.

Para saber máis remitímoslles ao propio texto normativo onde se regula todo este proceso: Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.